

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Corrección de erro material na convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para postos de técnico de Administración Xeral (A1)

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA ELABORAR UNHA LISTA PARA POSTOS DE TÉCNICOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (A1)

Resolución 2399/2017 do 24/01/2017 pola que se modifica a n.º 805/2017 do 13/01/2017 relativa á convocatoria dun proceso selectivo para a elaboración dunha lista para postos de Técnico de Administración Xeral (A1)

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Advertido erro material na resolución 805/2017, do 13/01/2017,

RESOLVO:

Modificala no seguinte sentido:

Ondi di:

“Requisitos: Licenciatura universitaria en Dereito, Económicas ou Empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou grao oficial universitario equivalente”.

Debe dicir:

“Requisitos: Licenciatura universitaria en Dereito, Económicas, Políticas ou Empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou gao oficial universitario equivalente”.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

A Coruña, 25/01/2017.

O PRESIDENTE/PDFR 1-10-2015/O DEPUTADO

O SECRETARIO

D. Antonio Leira Piñeiro

D. José Luis Almau Supervía

2017/567